

**REUNIÓN DA COMISIÓN 7ª,
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,
GANDARÍA E MONTES**

Día: 27.02.2026 Hora: 10:30

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 27 de febreiro de 2026, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte:

Punto único.- Proposicións non de lei

1. 31824 (12/PNC-002794)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara
Sobre as demandas dirixidas ao Goberno galego en relación coa información que debe presentar no que concirne ao nivel de execución orzamentaria das partidas que destina á prevención de incendios forestais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 244, do 28.08.2025
2. 38521 (12/PNC-003358)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central respecto da xestión da crise sanitaria provocada pola dermatose nodular contaxiosa no sector do gando vacún
Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 283f1, do 12.11.2025
3. 39222 (12/PNC-003445)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Méndez López, Lara e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar adiante o Goberno galego para fortalecer e impulsar o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 295f1, do 03.12.2025
4. 39859 (12/PNC-003487)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández González, Ariadna e 3 máis
Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego no que atinxe á prevención e ao control da peste porcina africana
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 299f1, do 11.12.2025
5. 45578 (12/PNC-003651)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Valcárcel Armesto, Montserrat e Fernández Fernández, Secundino
Sobre as características do financiamento que debe pór en marcha a Xunta de Galicia para os traballos de prevención de incendios forestais en montes



veciñais en man común

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 320f1, do 23.01.2026

6. 50180 (12/PNC-003896)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis
Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central ante as perdas provocadas no sector agrogandeiro galego pola recente sucesión de borrascas e chuvias persistentes
Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 337f1, do 20.02.2026

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2026

María Encarnación Amigo Díaz
Presidenta da Comisión



Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 23/02/2026 10:01:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 23/02/2026 10:07:34
Nº Rexistro: 12834
Data envío: 23/02/2026 10:07:34.136

CSV: REXPG-cDbxsSEZc-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/02/2026 10:07:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 23/02/2026 10:07:34
Nº Rexistro: 12834
Data envío: 23/02/2026 10:07:34.136

CSV: REXPG-cDbxsSEZc-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
María Encarnación Amigo Díaz	P
Vicepresidente	
José Manuel Mato Díaz	P
Secretaria	
Montserrat Valcárcel Armesto	BNG

Vogais

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Enrique Barreiro Sánchez	P
Cristina Campero Dorado	P
Juan Manuel Casares Gándara	P
Secundino Fernández Fernández	BNG
Ariadna Fernández González	BNG
Nicole Grueira Fernández	P
Lara Méndez López	S
Armando Ojea Bouzo	M
Ángel Rodríguez Conde	P
María del Carmen Rodríguez Dacosta	S
Cecilia Vázquez Suárez	P
Sonia Vidal Lamas	BNG
Miguel Ángel Viso Diéguez	P

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 27.02.2026

Hora: 10:30

Orde do día

1. **Proposicións non de lei**

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 27.02.2026

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 31824(12/PNC-002794)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre as demandas dirixidas ao Goberno galego en relación coa información que debe presentar no que concirne ao nivel de execución orzamentaria das partidas que destina á prevención de incendios forestais

Publicación da iniciativa, 244, 28.08.2025



Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31824
Data envío: 20/08/2025 18:11:23.272

Asinado o día 20/08/25
18:06
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7ª**.

Os incendios forestais son un dos principais problemas estruturais que sofre Galicia, cun impacto devastador sobre a seguridade das persoas, o territorio, a biodiversidade, a economía rural.

Como levamos anos advertindo asistimos a unha evolución preocupante: xa non falamos só de incendios de cuarta xeración, senón tamén de lumes de quinta e sexta xeración, caracterizados pola súa extrema intensidade, a capacidade de xerar fenómenos convectivos propios de tormentas de lume e pola dificultade para ser controlados cos medios de extinción tradicionais.

Ante este novo escenario, a prevención convértese na única ferramenta eficaz para minimizar os riscos e danos, reducindo a carga de combustible acumulado no monte, mellorando a accesibilidade para os equipos de extinción e creando infraestruturas estratéxicas que permitan frear a propagación do lume.

Non obstante, os feitos amosan unha realidade preocupante: a Xunta de Galicia non está a executar en prazo nin de maneira eficiente os orzamentos destinados á prevención. As convocatorias publícanse tarde, as resolucións acumulan meses de demora, e boa parte dos fondos consignados permanecen bloqueados, sen chegar a se materializaren en traballos efectivos sobre o territorio no tempo útil para reducir o risco de grandes incendios.

Asinado o día 20/08/2025 ás
18:06
Por Lara Méndez López

Asinado o día 20/08/2025 ás
18:06
Por Carmen Rodríguez Dacosta

CSX-REVPG-nXGI-JHb-4
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31824
Data envío: 20/08/2025 18:11:23.272

No exercicio 2025, existen millóns de euros comprometidos en orzamento que seguen pendentes de execución.

Esta situación non só constitúe unha grave irresponsabilidade política, senón que incrementa de maneira directa a vulnerabilidade do territorio fronte á vaga de incendios que cada verán arrasa Galicia.


Por todo isto, resulta imprescindible que se coñeza polo miúdo: que orzamento se destinou realmente á prevención de incendios forestais dende o ano 2009 ata a actualidade e 2025, canto se executou efectivamente, en que concellos e parroquias, e que actuacións concretas se realizaron. Só con transparencia e planificación se poderá avaliar a eficacia das políticas públicas nesta materia.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Presentar, no prazo máximo de dous meses, un informe detallado e desagregado por concellos e parroquias no que se especifique:

- O orzamento inicial consignado dende o ano 2010 a actualidade en materia de prevención de incendios forestais.
- O grao de execución real deses fondos.
- As actuacións concretas realizadas en cada territorio.
- O número de comunidades de montes e concellos beneficiarios.
- Establecer un calendario obrigatorio de planificación anticipada, garantindo que todas as actuacións de prevención financiadas con fondos públicos estean aprobadas e iniciadas antes do 31 de marzo de cada exercicio orzamentario.



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31824
Data envío: 20/08/2025 18:11:23.272

2. Remitir anualmente ao Parlamento un **balance de execución orzamentaria en materia de prevención de incendios**, con datos desagregados por concellos e parroquias, e unha avaliación sobre o impacto efectivo das actuacións na redución do risco de incendios.

3. Crear un **plan extraordinario de apoio a concellos e comunidades de montes** que sufriron a non execución das actuacións preventivas desde o ano 2010 a actualidade, co obxectivo de compensar o déficit acumulado e reducir o risco de cara ás próximas campañas.

Parlamento de Galicia, 20 de agosto de 2025



CSV REXPO-nXG1JHs-4
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 20/08/2025 18:06:18

Lara Méndez López na data 20/08/2025 18:06:27

José Ramón Gómez Besteiro na data 20/08/2025 18:06:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31824
Data envío: 20/08/2025 18:11:23.272

CSV REXISTRO-XG1JHs-4
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2025 18:11:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31824
Data envío: 20/08/2025 18:11:23.272



CSV REXPO-nXG1JHs-4
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 27.02.2026

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 38521(12/PNC-003358)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao
Goberno central respecto da xestión da crise sanitaria
provocada pola dermatose nodular contaxiosa no sector do
gando vacún

Publicación iniciativa carácter urxencia, 283f1, 12.11.2025

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez**, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola relevancia de adoptar medidas diante desta doenza que pode dar lugar a importantes prexuízos, tanto nas explotacións afectadas, como no sector bovino do territorio no que se notifique a súa presenza

Exposición de Motivos:

A dermatose nodular contaxiosa (DNC) é unha enfermidade vírica que afecta ó gando vacún e a algúns animais silvestres, pero non ás persoas. É unha virose grave que ten diversas manifestacións (febre, esgotamento, etc.), pero o síntoma máis característico son os nódulos na pel, que poden aparecer por todo o corpo (fociño, cabeza, pescozo, ubres, abdome, etc.). A transmisión da enfermidade prodúcese fundamentalmente a través de diversas especies de insectos.

A dermatose pode producir a morte do animal, pero a súa afección máis importante é a redución da produción, especialmente no vacún de leite. Galicia produce o 42% do leite de España, polo que as consecuencias da entrada desta patoloxía no noso territorio sería un desastre para o sector primario galego e o noso rural.

A evolución da situación epidemiolóxica desta enfermidade en países da Unión Europea próximos tanto territorial como comercialmente con España, así como a detección desta doenza nas primeiras datas do mes de outubro en territorio español, na provincia de Xirona, en Cataluña, e que ten continuado ata a data con sucesivas notificacións de novos focos nesa comunidade, supón un importante aumento do nivel de risco de aparición da DNC en Galicia.



**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 18:26:45
Nº Rexistro: 38521
Data envío: 10/11/2025 18:26:45.122

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a trasladar ao Goberno de España as seguintes demandas:

1.- Reclamar unha maior implicación do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación na coordinación e liderado da xestión da crise sanitaria provocada pola dermatose nodular contaxiosa, co fin de que todas as comunidades autónomas contén coa máxima información actualizada posible á hora de sopesar as actuacións de prevención e vixilancia que fosen precisas en cada territorio e que, por lóxica sanitaria e de non distorsión da normal actividade do sector, deberían ser actuacións consensuadas e homoxéneas.

2.- Propoñer e articular xurídica e economicamente desde o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e coa participación da Comisión Europea, as actuacións de investigación científica e técnica necesarias co fin de desenvolver unha vacina para esta enfermidade, que permita a protección do gando bovino, evite a necesidade de sacrificios masivos nas explotacións que puidesen estar afectadas, así como posibilite o movemento habitual dos animais sen trabas comerciais para os animais vacinados, que se poderían diferenciar dunha maneira sinxela dos animais infectados naturalmente.

3.- Instar á Empresa Nacional de Seguros Agrarios (ENESA) a que inclúa no seu catálogo de cobertura de sinistros a dermatose nodular contaxiosa, establecendo uns valores de pago axeitados aos valores de mercado para os casos de bovinos mortos ou para os que se resolva o seu sacrificio obrigatorio pola autoridade competente.

4.- Establecer polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación un baremo de indemnización adecuado e actualizado de aplicación para os casos de sacrificio obrigatorio de animais ordenados polas autoridades sanitarias competentes en sanidade animal. Este baremo deberá corresponderse cos valores reais de mercado do gando bovino e ser de homoxénea aplicación en todas as comunidades autónomas, co fin de evitar distorsións territoriais nesta materia”

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

CSV REXPO-gmgR6aEod-0
Votación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 10/11/2025 18:24:02
Miguel Ángel Viso Diéguez na data 10/11/2025 18:24:12
María Encarnación Amigo Díaz na data 10/11/2025 18:24:21
José Mato Díaz na data 10/11/2025 18:24:34
Enrique Barreiro Sánchez na data 10/11/2025 18:24:42
Cristina Campero Dorado na data 10/11/2025 18:24:53
Juan Manuel Casares Gándara na data 10/11/2025 18:25:01
Nicole Grueira Fernández na data 10/11/2025 18:25:28
Ángel Rodríguez Conde na data 10/11/2025 18:25:45
Cecilia Vázquez Suárez na data 10/11/2025 18:25:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 18:26:45
Nº Rexistro: 38521
Data envío: 10/11/2025 18:26:45.122



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/11/2025 18:26:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2025 18:26:45
Nº Rexistro: 38521
Data envío: 10/11/2025 18:26:45.122



CSV REXPC-gmgR6sEcd-0
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 27.02.2026

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 39222(12/PNC-003445)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar adiante o Goberno galego
para fortalecer e impulsar o Centro de Investigacións
Agrarias de Mabegondo

Publicación da iniciativa, 295f1, 03.12.2025



Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 39222
Data envío: 24/11/2025 14:12:03.316

Asinado o día 24/11/25
14:08
Por Silvia Longueira (

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Lara Méndez López, Carmen Rodríguez Dacosta e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM) é unha institución pública de referencia na investigación científica e tecnolóxica aplicada ao sector agrogandeiro galego.

Asinado o día 24/11/2025 ás
14:08
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Con máis de cen anos de historia, o CIAM destacou polo seu traballo pioneiro en mellora xenética de cultivos e razas autóctonas, pastos e forraxes, sistemas sostíbeis de produción de leite e carne, conservación de recursos xenéticos vexetais e animais, e pola súa función esencial de transferencia de coñecemento ao sector produtivo galego.

O CIAM constitúe, así, un pilar fundamental da investigación pública agraria galega, un motor de innovación e modernización do medio rural e un elemento clave na resposta aos retos do cambio climático, a sustentabilidade e a soberanía alimentaria.

Asinado o día 24/11/2025 ás
14:08
Por Lara Méndez López

Porén, nos últimos anos, e especialmente nos últimos meses, o centro vén sufrindo un grave deterioro institucional, material e humano, que se fixo evidente coa saída de sete investigadores no mes de outubro de 2025, seis deles de maneira “voluntaria”, segundo informaron publicamente, debido á situación insostible do centro.

CSV: REVPG-c2p9e1j1p-9
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 39222
Data envío: 24/11/2025 14:12:03.316

No comunicado publicado polo persoal investigador, que tivo ampla repercusión nos medios de comunicación, denunciáronse cuestións de gran gravidade, entre as que destacan:

- A falta crónica de cobertura de prazas e a desaparición das xefaturas de departamento, que impiden consolidar liñas de investigación estables.
- O deterioro das condicións de traballo, coa necesidade de asumir tarefas de campo por falta de persoal.
- O estado obsoleto e inseguro da maquinaria e das instalacións, con equipos precintados e infraestruturas de máis de trinta anos.
- A situación crítica das fincas experimentais e das explotacións animais, con deficiencias que poden afectar ao benestar animal.
- Unha xestión autoritaria e opaca por parte do AGACAL, sen diálogo nin planificación participada.
- A negativa a prorrogar o contrato dunha investigadora destacada, baseándose en informes despectivos e inxustos, xerando un clima laboral de desmotivación e perda de talento.

A isto súmanse dúbidas sobre o destino e a execución dos investimentos anunciados pola Consellería do Medio Rural, como o caso do Banco de Xermoplasma, inaugurado en xaneiro de 2024 sen estar rematado nin operativo, e o proxecto dun laboratorio de bioseguridade nivel 3, cuxo custo e finalidade non foron consensuados co persoal investigador do centro.

Tampouco existe a día de hoxe un contrato de xestión actualizado da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (AGACAL), que garanta unha planificación transparente dos recursos e obxectivos, estando caducado o último (2021–2024).

A suma destas deficiencias evidencia unha crise estrutural de xestión, de investimento e de gobernanza, que pon en risco a continuidade da



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 39222
Data envío: 24/11/2025 14:12:03.316

investigación agraria pública en Galicia e o aproveitamento dun patrimonio científico e técnico de valor incalculable.

É necesario, polo tanto, un compromiso político e orzamentario decidido da Xunta de Galicia, que recupere o sentido público, científico e estratéxico do CIAM, asegurando o seu futuro como centro de excelencia ao servizo do país e do sector agrogandeiro galego.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

1. Elaborar e aprobar con carácter urgente un plan de recuperación e fortalecemento do CIAM, que inclúa:
 - A cobertura inmediata das prazas vacantes de persoal investigador, técnico e de campo, garantindo equipos estables e multidisciplinares.
 - A modernización das instalacións, fincas e explotacións experimentais, adaptándoas ás condicións de seguridade, sustentabilidade e benestar animal.
 - A renovación e posta en funcionamento efectiva do Banco de Xermoplasma, garantindo o cumprimento dos estándares técnicos de conservación.
2. Dotar de recursos económicos suficientes para manter mellorar e potenciar este centro de referencia a nivel nacional e internacional para que siga sendo un referente e para que siga a contribuír no sector agrogandeiro galego.

CSV REXPO-cq2pejpb-9
Verificación:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 39222
Data envío: 24/11/2025 14:12:03.316**

3. Garantir un modelo de gobernanza participativa e transparente no CIAM, no que participe o persoal investigador na definición de prioridades de investimento e nas convocatorias de proxectos e infraestruturas.

Santiago de Compostela, a 24 de novembro do 2025

CSV REXPO-cq2p6elj9
Verificar
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 24/11/2025 14:08:38

Carmen Rodríguez Dacosta na data 24/11/2025 14:08:44

Silvia Longueira Castro na data 24/11/2025 14:08:50

José Ramón Gómez Besteiro na data 24/11/2025 14:08:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 39222
Data envío: 24/11/2025 14:12:03.316

CSV EXPO-cq2p6elj9
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/11/2025 14:12:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 39222
Data envío: 24/11/2025 14:12:03.316



CSV REXPO-cq2p6elj9
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 27.02.2026

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 39859(12/PNC-003487)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 3 máis

Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego no que atinxe á prevención e ao control da peste porcina africana

Publicación da iniciativa, 299f1, 11.12.2025



GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2025 13:35:06
Nº Rexistro: 39859
Data envío: 01/12/2025 13:35:06,559

Asinado o día 01/12/2025
Por Secundino Fernández
Fernández

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González**, **Sonia Vidal Lamas** e dos deputados **Secundino Fernández Fernández** e **Luís Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, relativa á Peste Porcina Africana.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Coa recente notificación por parte de Cataluña de casos de Peste Porcina Africana e debido a que esta enfermidade vírica posúe un carácter altamente contaxioso, o sector do porcino na totalidade do estado amosa actualmente grande preocupación. Os animais afectados, xabaríns neste caso, foron atopados mortos esta pasada semana, aumentando o número de diagnosticados como positivos co paso dos días de xeito alarmante, mais que non sorprende se analizamos que a mortalidade ocasionada pola PPA é moi alta no caso dalgunhas cepas do virus, cunha morbilidade que roza o 100%, co que isto implicaría no sector galego de producirse o contaxio aos animais domésticos.

Estamos a falar dunha enfermidade de declaración obrigatoria segundo o RD 779/2023, característica que implica que se notificarán de xeito inmediato os casos positivos detectados de seren confirmados en laboratorio, como sucedeu cos xabaríns que se atoparon mortos o 26 deste pasado novembro e que supuxeron a chegada da PPA ao Estado español, que non a sufría dende 1994. Unha vez activado o manual práctico de operacións de loita contra a enfermidade este fito supón a delimitación da zona infectada, a busca activa e a eliminación baixo control oficial dos cadáveres dos xabaríns, coa prohibición da caza para evitar o movemento destes animais. A maiores implántase neste caso o reforzo e vixilancia pasiva, as medidas de bioseguridade nas explotacións e as

Asinado o día 01/12/2025 ás
13:29
Por Sonia Vidal Lamas

Asinado o día 01/12/2025 ás
13:28
Por Ariadna Fernández González

CSV: REVPG-KCWZBG-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2025 13:35:06
Nº Rexistro: 39859
Data envío: 01/12/2025 13:35:06.559

restricións de actividades non esenciais co obxecto de controlar e erradicar o antes posible o gromo da enfermidade sen que continúe avanzando.

No caso particular do sector porcino galego, temos algo máis de 1200 explotacións dedicadas á cría de cebo e de nais, cunha xeración de emprego de máis de 2000 postos de traballo directos e unha clara intensificación nas últimas décadas, aínda que quedan máis de 1000 explotacións destinadas ao autoconsumo. Somos a comunidade do estado que máis cebo produce cun aumento do 7,6% entre o 2016 e o 2021, onde as ganderías que destinan os seus animais a sacrificio acadan practicamente o 90% das existentes, erguéndonos co maior aumento de explotacións nos últimos anos de xeito sostido. Non entanto, o reparto territorial é variable, sendo Lugo quen ostenta a maior cantidade de explotacións, seguida de Pontevedra e A Coruña, con Ourense á cola no número de granxas desta especie.

O sector porcino galego representa o 4% da produción estatal, co que iso implica economicamente, superando os 720 millóns de euros anuais de facturación directa. É, polo tanto, unha parte do sector primario moi importante no noso país e que merece da protección necesaria para que, no caso da PPA e no doutras enfermidades que poden chegar ao país ou xa están nel, non ameacen as nosas producións ou as nosas exportacións. Este feito ameaza claramente o noso mercado, podendo chegar a colapsar a cadea coa saturación dos matadoiros, feito que suporía un duro golpe a nivel de prezos da carne.

Dado o elevado risco de transmisión da enfermidade e a súa posible chegada, as medidas preventivas deben ser primordiais neste momento, máis aínda cando recentemente se veñen declarando en Galiza zonas de emerxencia cinexética polo elevado número de exemplares de xabarín presentes. Isto, que xa trae aparelado un risco en canto aos accidentes de tráfico ocasionados por parte destes súidos, tamén implica un grave risco en canto á transmisión de enfermidades. Entre elas destacan a que nos ocupa na actualidade, a Peste Porcina Africana, mais tamén a enfermidade de Aujeszky, a febre





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2025 13:35:06
Nº Rexistro: 39859
Data envío: 01/12/2025 13:35:06.559

aftosa, a peste porcina clásica e outras. É imprescindible tomar medidas ao respecto por parte da Consellería de Medio Rural que protexan tanto aos nosos animais coma aos nosos produtores/as.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Elaborar un plan de xestión do xabarán con medidas integrais baseadas en criterios científicos e técnicos e un orzamento mantido no tempo que permita controlar a poboación deste suído no país, coas problemáticas asociadas a esta e o control das enfermidades que pode transmitir.

2. Levar a cabo un control exhaustivo por parte da Xunta de Galiza no caso das especies silvestres susceptibles de ser contaxiadas e transmisoras de enfermidades, con tomas de mostras máis estendidas para a análise destes animais e a detección precoz de afectados entre eles que permita responder de xeito rápido, levando a cabo unha vixilancia efectiva, que nos garantan ter unha valoración real sobre a situación do país.

3. Levar a cabo campañas informativas para a concienciación tanto dos produtores coma do resto da poboación, trasladando as problemáticas derivadas do contaxio das enfermidades no noso sector porcino e os seus posibles efectos, con información oficial e fiable que evite o alarmismo e afecte negativamente ás nosas producións e consumo.

4. Revisar os plans de continxencia e activar as medidas preventivas necesarias fronte a un posible gromo de PPA, favorecendo unha resposta rápida ante a posible entrada da enfermidade vírica no noso país e minimizando o impacto na nosa sanidade animal e economía.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2025 13:35:06
Nº Rexistro: 39859
Data envío: 01/12/2025 13:35:06.559

5. Solicitar a territorialización do gromo de PPA con vistas a que as exportacións do sector porcino galego non se vexan afectadas co resto do estado en canto á súa exportación”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV REXPO-dKWZ8G-8

Verificar

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 01/12/2025 13:28:49

Sonia Vidal Lamas na data 01/12/2025 13:29:00

Secundino Fernández Fernández na data 01/12/2025 13:29:09

Luis Bará Torres na data 01/12/2025 13:29:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2025 13:35:06
Nº Rexistro: 39859
Data envío: 01/12/2025 13:35:06.559

CSV REXPO-dKWtZ8G-8
Validación:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/12/2025 13:35:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2025 13:35:06
Nº Rexistro: 39859
Data envío: 01/12/2025 13:35:06.559

CSV REXPO-dKWZ8G-8
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 27.02.2026

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 45578(12/PNC-003651)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Valcárcel Armesto, Montserrat e Fernández Fernández,
Secundino

Sobre as características do financiamento que debe pór en
marcha a Xunta de Galicia para os traballos de prevención de
incendios forestais en montes veciñais en man común

Publicación da iniciativa, 320f1, 23.01.2026

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Montserrat Valcárcel Armesto** e do deputado **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre o establecemento de financiamento estable e multianual para traballos de prevención de incendios forestais en montes veciñais en man común, con prioridade en contratación local como mecanismo de xeración de emprego rural.

Asinado o día 15/01/2026 ás 09:41
Por Secundino Fernández
Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Os incendios forestais representan a maior ameaza ao territorio galego. Co cambio climático, os lumes son máis frecuentes, máis intensos e máis difíciles de controlar. A prevención, non a extinción, é a única estratexia sostible.

E en prevención, as comunidades de montes teñen un papel irremplazable: unha comunidade ben organizada, con técnicos especializados, con financiamento para traballos de mantemento, e con persoal motivado, é máis capaz de manter o monte limpo, de responder rápido ante lumes incipientes, e de facer prevención activa que calquera xestión privada dispersa ou xestión pública desconexiónada.

Actualmente, o financiamento para traballos preventivos en montes comunais é fragmentado, insuficiente e inestable. Isto fai que moitas comunidades non poidan levar a cabo traballos básicos de desbroce, limpeza de marxes, ou mantemento de pistas.

En consecuencia con isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta unha proposta coa que:

Asinado o día 15/01/2026 ás
09:41
Por Montserrat Valcárcel Armesto



1. Garantir financiamento estable para prevención en montes comunais
2. Priorizar contratación local, xerando emprego rural fixo
3. Integrar prevención con xestión ordenada e xeración de renda
4. Fortalecer o papel das comunidades como actrices estratéxicas de resiliencia territorial.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a impulsar as seguintes actuacións:

1. Liña de financiamento estable para prevención en montes comunais:

a) Creación dunha liña presupostaria permanente e multianual (mínimo 5 anos) dedicada exclusivamente a financiar traballos de prevención de incendios forestais en montes veciñais en man común.

b) Dotación inicial: 20 millóns de euros anuais, con incremento anual dun 10% durante os primeiros catro anos. Obxectivo: 5.000 hectáreas de traballos preventivos anuais en montes comunais.

c) Garantía de estabilidade: compromiso parlamentario de que esta liña non será sometida a axustes orzamentarios en contexto de crise.

2. Tipos de traballos financiáveis:

a) Desbroce preventivo: eliminación de maleza e arbustos baixos que facilitan propagación de lumes.



- b) Limpeza de marxes de pistas e camiños forestais.
- c) Creación e mantemento de cortafogos naturais e infraestruturas defensivas.
- d) Poda de ramas baixas en árbores para reducir carga de combustible.
- e) Saca selectiva de árbores mortas ou afectadas por pragas.
- f) Sinalización de pistas e infraestruturas de xestión.
- g) Mantemento de sistemas de auga para loita contra lumes.

3. Prioridade en contratación local:

a) Reserva obrigatoria: mínimo 70% dos traballos de prevención deberán ser executados por empresas ou cooperativas locais, preferentemente con sede na comarca ou no concello.

b) Flexibilización de requisitos para pequenas empresas locais: simplificación de tramitación administrativa, redución de requisitos de seguros ou garantías, e apoio técnico para a presentación de ofertas.

c) Creación de emprego rural fixo: prioridade a contratos indefinidos ou de longa duración, non a traballos esporádicos.

d) Conexión con programas de emprego rural: coordinación entre Consellería do Medio Rural e Consellería de Emprego para que os traballos en montes comunais poidan ser cofinanciados con fondos de emprego.

4. Simplificación administrativa:



a) Creación dun procedemento simplificado para que comunidades de montes poidan solicitar financiamento: solicitude única, prazo de resposta máximo 30 días, e desembolso rápido.

b) Redución de carga burocrática en xustificación de gastos: aceptación de albaráns e facturas simples para traballos de prevención.

c) Asesoría técnica gratuíta a comunidades para deseño de traballos, estimación de custos, e presentación de solicitudes.

5. Integración con xestión ordenada:

a) Os traballos de prevención non serán illados, senón integrados nunha estratexia de ordenación forestal da comunidade.

b) Apoio técnico para que cada comunidade deseñe un "Plan de Prevención de Incendios" integrado no seu "Plan de Xestión Forestal".

c) Valorización económica dos traballos: madeira, biomasa, ou produtos forestais non madeiros xerados nos traballos de prevención poderán ser comercializados pola comunidade, incrementando a súa renda.

6. Gobernanza territorial:

a) Integración de comunidades de montes en plans comarcais de prevención: as comunidades non serán "actrices" pasivas, senón serán consultadas e participarán na deseño dos plans.

b) Creación de "grupos de prevención comarcais" integrados por: técnicos forestais, representantes de comunidades, concellos, e protección civil.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:45:32
Nº Rexistro: 45578
Data envío: 15/01/2026 09:45:32.578

c) Coordinación entre concellos e comunidades: facilitando os traballos que benefician tanto a montes privados como comunais en contexto de prevención comarcal.


7. Avaliación e seguimento:

a) Informe anual ao Parlamento sobre: hectáreas tratadas, emprego creado, investimento realizado, e resultados en termos de redución de risco de incendios.

b) Avaliacións de impacto: seguimento da efectividade dos traballos preventivos en redución de taxa de incendios.

c) Auditoría social: seguimento de que os traballos xeran emprego local estable e que as comunidades teñen capacidade real de decidir sobre as intervencións.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 15/01/2026 9:41:17

Secundino Fernández Fernández na data 15/01/2026 9:41:24

Luis Bará Torres na data 15/01/2026 9:41:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:45:32
Nº Rexistro: 45578
Data envío: 15/01/2026 09:45:32.578



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 9:45:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 09:45:32
Nº Rexistro: 45578
Data envío: 15/01/2026 09:45:32.578

CSV REXPG-PXVLo4Ow-4
Visítalo en:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 27.02.2026

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 50180(12/PNC-003896)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe demandar ao
Goberno central ante as perdas provocadas no sector
agrogandeiro galego pola recente sucesión de borrascas e
chuvias persistentes

Publicación iniciativa carácter urxencia, 337f1, 20.02.2026



PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50180
Data envío: 10/02/2026 14:04:39.221

Asinado o día 10/02/2
Por María Encarnació
Díaz

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Miguel A. Viso Diéguez, Encarna Amigo Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, José M. Mato Díaz, Angel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motiva polo impacto que o tren de borrascas que vimos sufrindo nas últimas semanas está a provocar no sector agrario e gandeiro galego e a necesidade de adoptar medidas para compensar estes danos.

Exposición de motivos

Os profesionais do medio rural galego, en especial do sector agrario, veñen sufrindo nas últimas semanas as graves consecuencias do tren continuado de borrascas que nestes meses iniciais de 2026 están a provocar choivas persistentes, inundacións, arrastres de terras, anegamento de parcelas, así como importantes danos en infraestruturas rurais e perdas significativas nas explotacións agrícolas e gandeiras en amplas zonas de Galicia.

Estes episodios meteorolóxicos adversos tiveron unha incidencia especialmente relevante en cultivos herbáceos e leñosos, pradarías, explotacións de gando tanto extensivo como intensivo, sistemas de rega e drenaxe, camiños rurais, maquinaria agrícola e edificacións vinculadas á actividade agraria, comprometendo a viabilidade económica de numerosas explotacións, maioritariamente de carácter familiar.

A reiteración e intensidade destes fenómenos puxo de manifesto que os instrumentos ordinarios de cobertura existentes, singularmente os seguros

Asinado o día 10/02/2026 ás
14:03
Por Miguel Ángel Viso Diéguez

Asinado o día 10/02/2026 ás
14:02
Por Alberto Pazos Couñago



PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50180
Data envío: 10/02/2026 14:04:39.221

agrarios, resultan insuficientes para compensar a totalidade dos danos sufridos, ben por limitacións nas coberturas, por situacións de infraseguramento ou por superarse os limiares máximos de indemnización previstos. Esta circunstancia sitúa a moitos agricultores e gandeiros nunha situación de vulnerabilidade económica.

Cómpre salientar, así mesmo, que os efectos deste prolongado episodio de choivas non se limitan unicamente aos cultivos xa establecidos, senón que están a perxudicar gravemente ou mesmo a impedir e atrasar as sementeiros propias desta época do ano en Galicia, afectando de maneira directa a cultivos estratéxicos como a pataca, as forraxes de primavera temperá, as leguminosas e as resiementeiras de pradeiras, ao dificultar o acceso ás parcelas, provocar o encharcamento dos solos e a perda de semente. Esta situación compromete non só a campaña actual, senón tamén a planificación das colleitas futuras, incrementando os custos de produción e poñendo en risco a viabilidade económica de numerosas explotacións agrarias e gandeiras.

O sector primario constitúe un pilar fundamental da economía galega, tanto pola súa contribución ao emprego e á produción como polo seu papel esencial na cohesión territorial, na fixación de poboación no rural e na xestión sostible do territorio. Por este motivo, resulta imprescindible unha resposta áxil, suficiente e coordinada por parte das administracións públicas, en particular do Goberno de España, que permita garantir a continuidade das explotacións afectadas e evitar a súa desaparición.

Neste contexto, considérase necesario que o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación adopte medidas extraordinarias que complementen os sistemas de aseguramento existentes, amplíen o ámbito de aplicación das axudas e teñan en conta a magnitude real das perdas sufridas como consecuencia deste prolongado episodio de borrascas que vén afectando a Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV REXPO-ymaHD4362-4
Validado
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50180
Data envío: 10/02/2026 14:04:39.221

- 1.- Habilite, con carácter urxente, unha liña de axudas extraordinarias dirixida ás persoas agricultoras e gandeiras de Galicia afectadas polos danos provocados polo tren de borrascas e polas choivas persistentes das últimas semanas. Establecendo criterios de axuda proporcionais á intensidade dos danos, diferenciando rangos en función do grao de afectación de cultivos, gando, infraestruturas, maquinaria, sistemas de rega e camiños rurais. E que complemente as indemnizacións derivadas dos seguros agrarios cando estes non cubran a totalidade dos danos sufridos, especialmente nos supostos de perdas severas, infra-aseguramento ou superación dos límites máximos de cobertura.
- 2.- Adopte medidas fiscais e financeiras complementarias, tales como reducións fiscais, aprazamentos ou bonificacións de cotizacións, co obxecto de aliviar a carga económica das explotacións afectadas e garantir a súa viabilidade a medio e longo prazo”.

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2026



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 10/02/2026 14:02:47
Miguel Ángel Viso Diéguez na data 10/02/2026 14:03:03
María Encarnación Amigo Díaz na data 10/02/2026 14:03:14
Enrique Barreiro Sánchez na data 10/02/2026 14:03:21
Cristina Campero Dorado na data 10/02/2026 14:03:34
Juan Manuel Casares Gándara na data 10/02/2026 14:03:41
Nicole Grueira Fernández na data 10/02/2026 14:03:52
José Mato Díaz na data 10/02/2026 14:04:04
Ángel Rodríguez Conde na data 10/02/2026 14:04:15
Cecilia Vázquez Suárez na data 10/02/2026 14:04:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50180
Data envío: 10/02/2026 14:04:39.221

CSV REXPO-ymaHD4362-4
Verificación:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/02/2026 14:04:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50180
Data envío: 10/02/2026 14:04:39.221



CSV REXPO-ymaHD4362-4
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

